

## O Comportamento da nupcialidade nas terras de Cea, Celanova e o Ribeiro. Círculos de sociabilidade (s. XVII-XIX)<sup>1</sup>

M<sup>a</sup> JOSÉ LÓPEZ ÁLVAREZ  
DELFINA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ  
JUAN MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ  
Campús de Ourense  
Universidade de Vigo

*“Matrimonii perpetuum indissolubilemque nexum primus humani generis parens divini Spiritus instinctu pronunciavit, cum dixit: Hoc nunc os ex ossibus meis, et caro de carne mea: quamobrem relinquet homo patrem suum et matrem, et adhaerebit uxori suae et erunt duo in carne una.*

*Hoc autem vinculo duos tantummodo copulari et conjugii, Christus Dominus, apertius docuit, cum postrema illa verba tanquam a Deo prolata referens dixit: Itaque iam non sunt duo, sed una caro, stantimque eiusdem nexus firmitatem ab Adamo tanto ante pronunciatam his verbis confirmavit: Quod ergo Deus conjunxit, homo non separet”<sup>2</sup>.*

Convertido nun acto de cariz eclesiástico e de carácter público, o matrimonio brindoulle á institución eclesiástica unhas enormes posibilidades de cara ó control da sociedade no seu conxunto. Toda a reglamentación emanada do Concilio de Trento non fixo máis que lexitimar esa capacidade da Igrexa para

---

<sup>1</sup> Este traballo está parcialmente subvencionado pola Dirección Xeral de Ordenación Universitaria e Política Científica da Consellería de Educación da Xunta de Galicia con cargo ó proxecto de Investigación: “Bases estruturais e élites de poder na Galicia Meridional (s. XVI-XIX), XUGA 38204A96. Os autores están integrados na Área de Historia Moderna da Universidade de Vigo como bolseiros da Universidade de Vigo, do Ministerio de Educación e da Fundación Caja Madrid, respectivamente.

<sup>2</sup> O vínculo perpetuo e indisoluble do matrimonio pronunciouno o primeiro pai do xénero humano, cando dixo por inspiración do Divino Espírito: Este é o oso dos meus osos, e a carne da miña carne: polo que deixará o home ó seu pai e a súa nai e unírase coa súa muller e serán dous nunha carne. Máis claramente ensinou Cristo Señor noso que con este vínculo só se unen e xuntan dous, cando referindo aquelas últimas palabras como proferidas por Deus dixo: Por tanto xa non son dúas senón unha soa carne: e logo confirmou a estabilidade do mesmo nexo, declarada tanto antes por Adán con estas palabras: O que Deus xuntou non o separe o home. ALMEIDA DA, M. F., *Cánones e Decretos do Concilio Tridentino*, V. II, 1900, pp. 8-9.

impoñer as normas polas que se rexiría o matrimonio como sacramento e cerimonia eclesiástica<sup>3</sup>, sen embargo, tamén resulta evidente que a sociedade mostrábase con capacidade para transgredir ditas normas, véxase senón as taxas de ilexitimidade que se atopan nos rexistros galegos e que escapan con seguridade as disposicións tridentinas<sup>4</sup>.

Decisión voluntaria nun principio, en realidade atopábase supeditada ós formalismos que lle impuña a Igrexa, ás normas da comunidade e por suposto ós intereses das respectivas familias dos contraíntes. En definitiva, a nupcialidade constituía a menos natural das variables que caracterizaban os sistemas demográficos de antano<sup>5</sup>. Anque somos plenamente conscientes das limitacións que implica o emprego das taxas brutas como indicador da variable nupcial, o seu estudio ven a reflectir o dispar comportamento que amosa nas diferentes áreas xeográficas da Galicia do Antigo Réxime, pondo de manifesto os múltiples condicionantes polos que se atopa limitada.

Neste senso non é convinte perder de vista a estreita ecuación poboación-recursos á que se encontraban supeditadas as sociedades preindustriais como factor desencadenante da activación de mecanismos autorreguladores, entre os que adquiriría un especial protagonismo a variable nupcial<sup>6</sup>. Así por exemplo na antiga provincia de Ourense, obxecto do noso estudio, a pesares de que se observa unha estabilidade no comportamento da nupcialidade ó longo do tempo<sup>7</sup>, que ó noso entender permítenos falar da existencia dun único modelo, alomenos para as comarcas occidentais da provincia estudias ata o momento; ó descender na escala de análise percíbense pequenas variacións explicables, en certa medida, a partires da diferente evolución demográfica vivida nas tres áreas analizadas.

<sup>3</sup> Argumentacións semellantes poden atoparse nalgúns traballos de R. Lanza e I. Dubert nos que se fai fincapé ben sobre a insistencia da Igrexa no carácter público da cerimonia, ben sobre o matrimonio como unha vía que lle permite ó cristianismo acadar a estabilidade que debe reinar na sociedade terrea. Véxase ó respecto LANZA GARCIA, R., *La población y el crecimiento económico en Cantabria*, 1991, p. 61; DUBERT, I., "Estudio histórico del parentesco a través de las dispensas de matrimonio y de los archivos parroquiales en la Galicia del Antiguo Régimen: primera aproximación", en J. C. BERMEJO BARRERA (Edit.), *Parentesco, familia y matrimonio en la Historia de Galicia*, Santiago de Compostela, 1988, pp.167-168.

<sup>4</sup> Canon X da Sesión XXIV celebrada en tempos de Pio IV Pont. Max, recollida dos *Cánones e Decretos do Concilio Tridentino*, opus cit., p.8. Para unha mellor comprensión dos cánones establecidos nesta Sesión, véxase LEBRUN, F., *A vida conxugal no Antigo Regime*, p.25.

<sup>5</sup> Idea xa desenvolvida por R. Rowland no seu estudio do comportamento nupcial na Península Ibérica ó definir o matrimonio como un claro exemplo do modo en que socialmente se organiza a reprodución biolóxica das poboacións. Vid. ROWLAND, R., "Sistemas matrimoniales en la Península Ibérica, (s. XVI-XIX). Una perspectiva regional", en V. PEREZ MOREDA e D. S. REHER (Eds.), *Demografía histórica en España*, 1988, p.72.

<sup>6</sup> J. M. Pérez García define a nupcialidade como a grande arma controladora dos séculos XVII e XVIII, vid. PEREZ GARCIA, J. M., "Mecanismos autorreguladores das demografías antigas: O exemplo galego", en DE JUANA, J. y CASTRO PEREZ, J., *III Xornadas de Historia de Galicia*, 1986, p.65.

<sup>7</sup> Véxase apéndice estatístico, táboas 1.1, 1.2 e 1.3.

En primeiro lugar, para o ano 1753 se ben a taxa media provincial resultante é de 7,3%, obsérvase un comportamento particular no caso da comarca de Celanova con respecto ás terras de Cea e o Ribeiro; de feito nas datas nas que se levou a cabo a elaboración do Catastro, o ritmo de evolución poboacional das tres comarcas era ben diferente, mentras que no caso de Celanova a mediados do século XVIII xa estamos a falar dunha poboación claramente estancada tras un fortísimo periodo de crecemento dende os anos 60/70 do século XVII ata o primeiro tercio do século XVIII, nas terras de Cea e o Ribeiro atopámonos nunha fase de auténtica expansión, no primeiro caso tras un século XVII de carácter anodido e no segundo despois das fluctuacións sufridas na centuria do seiscentos<sup>8</sup>. Superando estas variacións comarcais, fiéis reflexo da activación da nupcialidade como variable reguladora<sup>9</sup>, a taxa bruta provincial, moderadamente elevada en función da fase expansiva que están atravesando dúas das comarcas estudadas, resulta plenamente concordante cos valores estimados para a Europa Occidental da Idade Moderna que oscilan entre 7 e 8%<sup>10</sup>, e semellante á cifra que obtén Rosa Ferreiro na cercana comarca da Alta Limia (7,7%) e en xeral ás acadadas no resto da xeografía galega, léase a Ulla 6,9%, Salnés 7,6%, Mondoñedo 8,1%, Castroverde 5,3%, Caldevergazo 5,7%, Burón 6,7% e Narla 7,3%<sup>11</sup>.

<sup>8</sup> Para unha maior profundización sobre as respectivas evolucións demográficas, remitímonos ó estudio de LOPEZ ALVAREZ, M<sup>a</sup>. J., RODRIGUEZ FERNANDEZ, D. e RODRIGUEZ RODRIGUEZ, J. M., “Aproximación á dinámica evolutiva da poboación ourensá durante o Antigo Réxime: O Ribeiro, a Terra de Cea e a Terra de Celanova (finais s. XVI-mediados XIX)”, en *Historia Nova IV*, 1997, pp.91-109.

<sup>9</sup> Cando a mediados do século XVIII os beneficios derivados da temperá introducción do millo na comarca de Celanova non podían paliar a progresiva redución das explotacións campesiñas, a nupcialidade preséntase como un posible factor autorregulador, sen embargo para esas mesmas datas, a presenza dunha economía en expansión na terras de Cea e o Ribeiro, constatable a partir do paulatino desenvolvemento da cultura do millo na comarca de Cea xunguido ó papel aínda destacable do centeo, cultivado sen intermisión no 78,2% das terras de labradío, funcionan como elementos explicativos da alta taxa acadada neste espazo, asimesmo a fase de crecemento da produción diezmal do viño do Ribeiro dende os anos 70 do século XVII en consonancia co crecemento poboacional vivido na zona explican a taxa de 8,1% alí estimada. Vid. RODRIGUEZ FERNANDEZ, D., “Población y familia campesina en la Galicia Interior. La comarca de Celanova en el siglo XVIII”, Tese de Lic. Ined., 1996; SAAVEDRA, P., “La economía vitícola en la Galicia del Antiguo Régimen” en *Agricultura y Sociedad*, nº 62, 1992, pp. 111-166.

<sup>10</sup> Véxase HENRY, L., *Manual de demografía histórica*, 1983, p.248.

<sup>11</sup> Nótense as menores taxas de nupcialidade que se observan nos estudos elaborados sobre a provincia lucense, onde agás a comarca de Narla, as restantes áreas presentan porcentaxes inferiores a 7. Consúltense ó respecto: FERREIRO, R., “La Alta Limia en los siglos XVII y XVIII. Muestreo parroquial”, Tese de Licenciatura Ined., 1981, p.42; REY CASTELAO, O., *Aproximación a la historia rural en la comarca del Ulla (s. XVII-XVIII)*, 1981, p.45; PEREZ GARCIA, J. M., *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régimen en la Galicia costera: la península del Salnés*, 1979, p.87; SAAVEDRA, P., *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo (1480-1830)*, 1985, p.95; SOBRADO CORREA, H., “La Tierra de Castroverde en el Antiguo Régimen: un estudio de historia rural”, Tese de Lic. Inédita, 1992, p.71; BUGALLO VIDAL, E., “La Antigua Jurisdicción del Caldevergazo: un estudio socioeconómico”, Tese de Lic. Inédita, 1979, p.104; SAAVEDRA, P., *Economía rural antigua en la montaña lucense. El concejo de Burón*, 1979, p.30; PEDROUZO VIZCAINO, O., “El arciprestazgo de Narla en el Antiguo Régimen: un estudio de historia rural, Tesis de Licenciatura Inédita, 1981, p.70.

Tres décadas despois, aínda que a media provincial se mantén en torno ó mesmo valor, cunha mínima variación á baixa, (7,1‰), o comportamento comarcal amosa unha vez máis os diferentes ritmos evolutivos, de tal xeito que os fundamentos de corta duración que se viven nas demografías de Cea e o Ribeiro así como a nova fase de alza que se abre para a poboación da comarca celanovesa vense recollidas nas taxas aquí presentadas.

Coa precaución que nos merecen os datos aportados polo Dicionario Xeográfico de S. Miñano, redactado nunha fase de claro crecemento demográfico, obsérvase o mantemento das taxas de nupcialidade nun nivel semellante ó obtido para 1787, tanto a escala comarcal como a escala provincial.

Se ata o de agora o estudio das taxas permitiunos un primeiro achegamento á tendencia evolutiva da proporción dos matrimonios con respecto a poboación rexistrada para tres datas concretas dos séculos XVIII e primeira metade do XIX, a análise das actas matrimoniais recollidas nos libros sacramentais de 31 series parroquiais espalladas polo occidente da provincia ourensá, permitirannos coñecer o carácter das unións sobre as que se levou a cabo a “creación” das novas unidades familiares nas que descansou unha boa parte do importante crecemento demográfico vivido nas tres áreas obxeto de estudio. Vexamos a táboa:

PORCENTAXES DE MATRIMONIOS EN SEGUNDAS NUPCIAS RESPECTO Ó TOTAL DE UNIÓNS

PERÍODOS	TOTAL			V. MULLER		AMBOS		TOTAL	
	Nº	V. VARON Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1600/49	924	7	0,76	19	2,06	7	0,76	33	3,57
1650/99	2.354	30	1,27	75	3,19	29	1,23	134	5,69
1700/49	4.538	172	3,79	133	2,93	32	0,71	337	7,43
1750/99	5.945	371	6,24	168	2,83	68	1,14	607	10,21
1800/49	7.335	607	8,28	208	2,84	108	1,47	923	12,58
TOTAL	21.096	1.187	5,63	603	2,86	244	1,16	2.034	9,64

Na tónica dos estudos galegos que permiten presupoir unha longa duración da vida matrimonial, convén suliñar que o 90% dos matrimonios celebrados na provincia ourensá dende os primeiros anos do século XVII ata mediados do século XIX vencellaban a persoas solteiras<sup>12</sup>, sen embargo a pesares desta

<sup>12</sup> En opinión do profesor Pérez García, a durabilidade da vida matrimonial constitúe o factor explicativo que permite comprender a aplastante presenza de matrimonios entre solteiros no Salnés dende mediados do XVIII ata mediados do XIX (88,9%), asimesmo na Península do Morrazo, as porcentaxes que se acadan para os séculos XVII-XVIII e XIX son moi semellantes (87,5% nos dous primeiros séculos e 90% no terceiro), e en idéntica situación se atoparían as veciñas terras do Norte de Portugal onde a profesora Norberta Amorim calcula porcentaxes superiores ó 80% para este tipo de unións. Sen embargo, nas tamén cercanas terras leonesas xa se producen importantes variacións respecto á anterior situación, de feito Laureano Rubio no seu estudio sobre a Bañeza suliña a elevada proporción de unións en segundas nupcias en correlación cun modelo de mortalidade claramente diferenciado (entre o 23 e o 26% dos matrimonios da zona rural cun incremento progresivo no tempo) Véxase PEREZ GARCIA, J. M., “Demografía cualitativa y coyuntural en las Rías Bajas gallegas. El ejemplo del Salnés (1750-1838)”, en D. REHER (Coord.), *Reconstituicao de familias e outros métodos microanalíticos para a historia das populacoes. Estado actual e perspectivas para o futuro*, 1995, p.154; RODRIGUEZ FERREIRO, H., “

elevada porcentaxe, o impacto da ruptura das unións matrimoniais coa conseguinte redución da fecundidade lexítima e as diferentes posibilidades que se abrían para os cónxuxes supervivintes de cara á formación dun novo núcleo conxugal fanse patentes na anterior táboa<sup>13</sup>.

Anque as porcentaxes de segundas nupcias resultantes para o século XVII, fundamentalmente para a primeira metade, deban interpretarse como unha consecuencia derivada da inferior calidade das fontes parroquiais nos seus inicios, o aumento progresivo da proporción de casamentos en segundas nupcias respecto ó total de matrimonios, entendemos que constitúe un feito evidente. Unha análise pormenorizada de tales unións ó longo do tempo permítenos comprobar que dita tendencia á alza descansa sobre o cada vez maior peso relativo das celebracións entre un home viuvo e unha muller solteira, é dicir, non só se trata de destacar o feito de que fosen os homes, quen en maior medida que as mulleres, contraían novamente matrimonio senón que fronte a estabilidade no tempo que se percibe tanto nas minoritarias unións entre muller viuva-home solteiro ou ámbolos dous viuvos, as posibilidades que tiñan os homes viuvos para contraer nupcias medraban co paso do tempo<sup>14</sup>.

Descartando a posible influencia da calidade dos libros de actas matrimoniais, que a partires da segunda metade do século XVII presentan un rexistro aceptable, as hipóteses que se formulan ó respecto oriéntanse hacia dous vieiros; ou ben para as mulleres solteiras da provincia ourensá contraer nupcias

La demografía de la Península del Morrazo en los siglos XVII-XVIII y XIX", en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 4, 1995, p. 24; AMORIM, M<sup>a</sup>. N., *Guimaraes 1580-1819*, 1987, p. 131; RUBIO PEREZ, L. M., *La Bañeza y su tierra, 1650-1850. Un modelo de sociedad rural leonesa*, 1987, p.120.

<sup>13</sup> As porcentaxes de matrimonios en segundas nupcias obtidas presentan semellanzas coas aportadas por J. M. Rodríguez para San Cibrao de Señorín e R. Ferreiro para a Alta Limia, ámbalas dúas na provincia de Ourense, onde se alcanzan cifras en torno ó 9% no primeiro caso e entre o 7,5 e o 12,4% no segundo. Vid. RODRIGUEZ RODRIGUEZ, J. M., "Aproximación á demografía cuantitativa dunha parroquia do Noroeste Ourenés: 1679-1825", en *Historia Nova*, nº III, 1994, p.119; FERREIRO, R., *Opus cit.*, p.46. Dentro da provincia lucense, O. Pedrouzo atopa porcentaxes que fluctúan entre o 12,4% para o século XVIII e o 12,9% na primeira metade do XIX, obténdose cifras inferiores para o caso de Castroverde, 6,9% no século XVII e 8,2% no século XVIII. Nótese pola contra a elevada porcentaxe de unións en segundas nupcias celebradas na comarca da Ulla, que representando o 18,3% do total de unións na segunda metade do XVII, chegan a supoñer o 23,7% nos primeiros 50 anos do XVIII. Vid. PEDROUZO VIZCAINO, O., *Opus cit.*, p.71; SOBRADO, H., *Opus cit.*, p. 73; REY CASTELAO, O., *Opus cit.*, p.45

<sup>14</sup> A constatación dunha maior participación dos homes viuvos no mercado matrimonial non constitúe ningunha novidade no ámbito dos estudos galegos dadas as aportacións coincidentes que fixeron ó respecto diferentes autores; é o caso dos resultados obtidos nas investigacións levadas a cabo polo profesor Pérez García, quen suliña unha porcentaxe do 9% de homes viuvos que contraen novamente nupcias fronte ó 3,4% das mulleres. Tamén na Terra de Montes esa maior participación faise evidente dende o momento en que as vodas con homes viuvos representaban o 7,8% namentres que no caso das mulleres a porcentaxe e só dun 2,2%. Non obstante, dito comportamento que parece estenderse polo conxunto do territorio galego non é aplicable a outras áreas; en terras da Bañeza a maior participación da muller viuva en novos matrimonios responde, en opinión do autor, ó carácter atraente que para algúns mozos solteiros debía supoñer o feito de poder instalarse sobre unha facenda xa constituída. PEREZ GARCIA, *Opus cit.*, p. 155; FERNANDEZ CORTIZO, C., "La Jurisdicción de Montes en el Antiguo Régimen. Estudio demográfico." Tese de Lic. ined. 1979, p. 167; RUBIO PEREZ, L. M., *Opus cit.*, p. 121.

cun home viuvo representaba unha opción proveitosa para ubicarse nunha sociedade, na que os recursos económicos escaseaban e quizais tamén faltaban os homes solteiros, ou ben dadas as elevadas idades femininas de acceso ó matrimonio, que con posterioridade analizaremos, o limitado tempo para “merecer” obrigaba as mulleres máis maduras e cun mercado matrimonial máis restrinxido, á elección dun cónxuxe viuvo. Posto que non se dispón polo de agora dun estudio de reconstrucción de familias que nos permita coñecer a idade media das mulleres solteiras que “decidían” contraer nupcias cun home viuvo, non estamos en condicións de coñecer o peso real que exerceron tales condicionantes.

Comenzamos este traballo caracterizando ó matrimonio como un importante elemento regulador dos sistemas demográficos do pasado, ese control exercíase a través da posta en funcionamento de diferentes mecanismos entre os que a capacidade para reconstruir as unións familiares truncadas pola morte, que vimos de analizar, supoñía un factor importante, pero tamén a facultade para retrasar/ adiantar a idade de casamento e mesmo relegar á solteiría definitiva a unha parte da poboación constituían cuestións a ser tratadas co maior deñeñemento posible para a provincia ourensá<sup>15</sup>.

Nas súas investigacións sobre os sistemas matrimoniais na Península Ibérica R. Rowland considerou a idade de acceso ó matrimonio como definidora dun réxime matrimonial, afirmando a inclusión inequívoca das localidades do noroeste peninsular dentro dos parámetros do modelo occidental de John Hajnal<sup>16</sup>. Dita idade entendida non só como un mecanismo regulador do crecemento demográfico senón tamén como un indicador acerca da posible formación de novos fogares, obríganos a ter presentes de cara a súa comprensión tanto as cuestións relativas á dinámica demográfica, tales como os niveis de mortalidade imperantes, emigración, etc., como os sistemas de herdanza, elemento fundamental de cara á constitución dos patrimonios familiares.

Para a provincia ourensá e a partir da información censal de Floridablanca, única fonte que nos permite efectuar o cálculo da idade ó matrimonio no período abranguido no presente estudio, seguindo a fórmula creada por John Hajnal (SMAM)<sup>17</sup>, a idade estimada ó matrimonio para os varóns censados en 1787 nas comarcas de Cea, Celanova e o Ribeiro era de 26,99 anos, sendo no caso das mulleres levemente inferior, 26,76 anos<sup>18</sup>.

<sup>15</sup> Ramón Lanzá García entende que eran as vellas xeracións as encargadas de exercer a función social de regular o acceso ó matrimonio e a frecuencia deste. Vid. LANZA GARCIA, R., *Población y familia campesina en el Antiguo Régimen. Liébana, siglos XVI-XIX*, 1988, p. 41.

<sup>16</sup> ROWLAND, R., *Opus cit.*, pp. 102-103.

<sup>17</sup> Vid. HENRY, L., *Opus cit.*, 1983, p. 57.

<sup>18</sup> Idades concordantes coas aportadas polo profesor Eiras Roel para o conxunto da provincia ourensá, (27,2 para os homes e 26,7 para as mulleres), que na súa opinión correspóndese coa práctica dun matrimonio tendencialmente maduro pero non moi tardío se se pon en relación coas idades recollidas para as provincias de Lugo en Mondoñedo. Vid. EIRAS ROEL, A., *La población de Galicia, 1700-1860*, 1996, p. 199 e ss.

Na nosa opinión e sen restarlle validez á idade media aportada para o occidente da provincia ourensá, é necesario realizar certas matizacións a nivel comarcal; así na terra de Cea acádanse as idades máis elevadas do conxunto do territorio estudado, (28,4 para os homes e 27,7 no caso das mulleres), no caso do Ribeiro son as mulleres as que acuden ó matrimonio cunha idade máis elevada con respecto a súa parella (eles 25,8, elas 26,8), e na Celanova de fins do século XVIII, os homes casábanse con 26,7 anos e as mulleres con 25,7<sup>19</sup>.

Dita idade media de acceso ó matrimonio vese confirmada a partires da distribución da poboación por sexo, idade e estado civil en 1787, que a continuación expoñemos:

DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN POR SEXO, IDADE E ESTADO CIVIL, 1987

IDADES	HOMES			MULLERES		
	S	C	V	S	C	V
0-6	2.770	0	0	2.655	0	0
7-15 a	2.422	17	0	2.349	18	0
16-24 a.	1.798	316	9	2.045	412	6
25-39 a.	850	1.835	71	1.067	1.922	116
40-49 a.	313	1.199	149	383	1.176	241
50 o máis	167	1.307	490	293	1.132	770

Como se pode apreciar na táboa precedente, as porcentaxes de solteiría no grupo de idade de 16 a 24 anos (84,6% para os homes e 83% para as mulleres), confirmannos a práctica xeralizada dun matrimonio de carácter tardío para ambos sexos, de feito é a partir do grupo de idades comprendido entre 25 e 39 anos cando o número de persoas casadas, experimentando un notable ascenso respecto ó grupo anterior, supera por primeira vez a proporción de solteiros.

Outra cuestión que tamén resulta patente a partir das porcentaxes resultantes dos datos anteriormente presentados, é o feito de que o matrimonio aínda era posible tanto para homes como para mulleres englobados no tramo comprendido entre os 40 e os 49 anos; a redución respecto ó tramo anterior da proporción de solteiros e o aumento do nº de persoas casadas tanto de sexo masculino como feminino, así o confirman (no caso dos homes as porcentaxes pasan do 30,8% de solteiros e o 66% de casados no tramo dos 25 ós 39 anos a 18,8% e 72,1%, respectivamente, sendo no caso das mulleres 34,3% e 61,9% no primeiro bloque fronte a 21,2% e 65,3% no segundo). Sen embargo, a experiencia da viuvez marca unha considerable distancia no comportamento de ámbolos dous sexos: as diferencias na proporción de viuvos e viuvas no penúltimo grupo de idades son o claro reflexo das xa expresadas distintas posibilidades de acceso ó matrimonio para homes e mulleres que perderan o seu cónxuxe.

<sup>19</sup> No trasfondo destas matizacións locais sobre un evidente modelo global de matrimonio tardío pódense argumentar factores de índole diversa. A presenza en maior medida na terra de Cea, con respecto ás outras dúas áreas, dun sistema hereditario que privilexia a permanencia no fogar e o acceso a unha proporción maior do patrimonio a un dos fillos estaría incidindo na elevada idade media achada nesta comarca; no caso do Ribeiro a presión que debeu exercer a altísima densidade poboacional constatable a fins do XVIII (véxase táboa 1.4), explicaría o ríxido control sobre a idade ó matrimonio feminino, responsable fundamental da descendencia global familiar acadada.

Sen embargo non debemos esquecer o número de persoas desta sociedade que ó longo da súa vida non conseguiron achar cónxuxe e dada a súa idade no momento de realizar o Censo de Floridablanca, as posibilidades para encontralo eran practicamente inexistentes. O celibato definitivo na área analizada, calculado a partir dos 50 anos, constituíase nunha situación compartida polo 8,5% dos homes e o 13,3% das mulleres<sup>20</sup>. Os maiores niveis de nupcialidade da provincia ourensá con respecto ó territorio lucense xa foran constatados polo profesor Pegerto Saavedra quen introducira como variable explicativa fundamental os diferentes conceptos de familia e prácticas de herdanza dominantes nas dúas áreas<sup>21</sup>.

As disimetrías entre as dúas provincias da Galicia Interior, en virtude deses conceptos de familia e herdanza diferentes, non só se limitarían a unha maior ou menor presenza de persoas solteiras e as consecuencias que tal feito podería implicar sobre o sistema demográfico, senón tamén ó seu distinto status persoal dentro do marco familiar e da sociedade en xeral<sup>22</sup>.

Nos comezos deste traballo aludiamos ós esforzos da Igrexa por controlar e reglamentar as celebracións matrimoniais, como xa é coñecido, dito interés tamén se estendía ó aspecto relativo á temporalidade dos casamentos, de tal xeito que a súa análise permitiranos comprender ata que punto se facía efectiva esa influencia ou a presenza conxunta doutro tipo de condicionantes que marcaban a evolución anual das nupcias. En opinión de F. Lebrun as prescricións eclesiásticas<sup>23</sup>, xustificanse polo desexo de evitar en tempos de penitencia todo pretexto para participar en divertimentos públicos, de modo que a obtención de dispensas para contraer matrimonio en determinados periodos implicaría a ne-

<sup>20</sup> Trátase dunhas cifras plenamente concordantes coa media provincial calculada polo profesor Eiras Roel (8,6% e 12,7% respectivamente) e en clara consonancia coa media galega. A valoración que lle merecen as citadas cifras implica o seu encuadramento no ámbito galego da nupcialidade “relaxada”, fronte o comportamento da provincia lucense (16,2% dos homes e 18,3% das mulleres), ou mesmo doutras áreas da provincia ourensá centradas no cuadrilátero montañoso da parte oriental e suroriental. Un carácter relaxado que deixaría de selo se establecemos as pertinentes comparacións con outros espazos tamén investigados da España Moderna. Deste xeito, Laureano Rubio encontra para as cercanas terras leonesas unha porcentaxe de solteiría definitiva a idade de 50 anos do 2,7 % dos homes e o 1,7% das mulleres. Vid. EIRAS ROEL, A. , *Opus cit.*, pp. 202-203; RUBIO PEREZ, L. M., *Op. cit.*, p. 118.


<sup>21</sup> Véxase ó respecto SAAVEDRA, P., “Casa y comunidad en la Galicia Interior”, en C. BERMEJO (Ed.), *Parentesco, familia y matrimonio en la historia de Galicia*, 1989, p. 108.

<sup>22</sup> Mentres que, como se deduce das investigacións levadas a cabo sobre a provincia lucense, os solteiros eran alí os irmáns e familiares do mellorado co que compartían un mesmo teito baixo a súa autoridade, na provincia ourensá a elevada porcentaxe de fogares que presentan unha estrutura de carácter solitario con marcada presenza de solteiros (en torno ó 10% nas comarcas de Cea e Celanova a mediados do XVIII), indícanos o status social “independente” do que gozaban estas persoas.

<sup>23</sup> No capítulo X da Sesión XXIV do Concilio de Trento afirmase explícitamente que dende o Advento ata o día de Epifanía, e dende o Mércores de Cinza ata o Domingo de Resurrección, deben observarse as antigas prohibicións de vodas solemnes, sendo incluso excomulgada toda persoa que afirmase o contrario (Canón X da mesma Sesión). ALMEIDA DA, M. F., *Op. cit.*, p. 27.

cesidade de que os esposais se “celebrasen comedidamente”. Vexamos a continuación o gráfico que traduce os resultados obtidos para a provincia ourensá<sup>24</sup>:

### ESTACIONALIDADE DAS CELEBRACIONS MATRIMONIAIS NA PROVINCIA OURENSA (1600-1850)



Se no Beauvais de Goubert, as prescricións relixiosas condicionan profundamente o movemento estacional dos matrimonios provocando a súa práctica desaparición nos tempos do Advento e Cuaresma e unha concentración dos mesmos nos meses “canónicamente vacantes”<sup>25</sup>, na Galicia do Antigo Réxime as investigacións ó respecto constatan a maior laxitude de comportamento con respecto ás festividades litúrxicas. De feito, a inobservancia do periodo de Advento resulta patente tanto na Península do Salnés, como na Terra de Montes ou mesmamente nas comarcas aquí investigadas, sen embargo os motivos da Cuaresma si parecen influenciar á sociedade galega de cara a este tipo de celebracións, nótese senón o mínimo que marcan as curvas ourensás no mes de marzo<sup>26</sup>.

Non obstante, na xeografía da Galicia rural, os periodos de máxima restricción para as celebracións matrimoniais parecen estar en maior consonancia coa cronoloxía das actividades económicas que coas prescricións eclesiásticas<sup>27</sup>, é así que nas terras de O Ribeiro e Celanova márcanse os mínimos abso-

<sup>24</sup> Na súa elaboración seguiuuse o método proposto por L. Henry co gallo de correxir os problemas derivados da desigualdade dos meses. Vid. HENRY, L., *Op. cit.*, p. 77.

<sup>25</sup> Vid. GOUBERT, P., *Beauvais et le Beauvaisis de 1600 a 1730*, 1982, pp. 68-69.

<sup>26</sup> Vid. PEREZ GARCIA, J. M., *Un modelo ...*, Opus cit., p.109; FERNÁNDEZ CORTIZO, C., Opus cit., p. 140.

<sup>27</sup> No estudio comparativo que realiza a profesora N. Amorim entre os ámbitos rural e urbano de Guimaraes apréciase o diferente comportamento dos parroquianos labregos e vilegos dende o momento en que os primeiros, inexcusamente supeditados ó calendario agrícola, parecían outorgarlle unha menor importancia as leis eclesiásticas, a diferenza dos segundos para os que as limitacións do Advento e Cuaresma implicaban os seus máximos condicionantes. Vid. AMORIM, M<sup>a</sup>. N., *Opus cit.*, p. 65.

lutos nos meses de outubro e xullo, respectivamente, datas que coinciden nun caso co período de máxima actividade agrícola reflexado na vendima, e no outro probablemente en relación coa escasa presenza de mozos derivada da súa obrigada pasaxe anual polos campos de Castela. Con respecto ó máximo visible do mes de febreiro que antecede á baixa cuaresmal, quizais resulte interesante mencionar a constatación de A. Perrenoud no seu estudo sobre a Genève da Reforma acerca do adiamento das celebracións matrimoniais ante a veciñanza das épocas de restricción<sup>28</sup>.

A pesar de que ata o de agora abordamos o estudio do comportamento nupcial en función de diferentes indicadores tales como a idade media de acceso ó matrimonio, o estado civil dos conxuntes ou mesmo a época do ano seleccionada para a celebración matrimonial, en realidade un paso previo á cerimonia nupcial constituía o proceso de “elección” do cónxuxe a través das redes establecidas para a circulación de mozos e mozas casadeiras. Ditas redes, círculos de sociabilidade por excelencia, estendíanse dende o ámbito da aldea ata máis alá da propia freguesía; a aldea constituía a unidade básica na que se desenvolvía o primeiro círculo de relacións familiares e veciñais, un círculo que se ampliaba ata os núcleos de poboamento veciños, integrados baixo o universo aglutinante da parroquia, un entorno que tamén podía ser traspasado, ben por condicionantes demográficos e/ou sociais, na búsqueda dunha parella axeitada.

Partindo do contexto parroquial, ó longo do período cronolóxico abranguido, estamos en condicións de coñecer o medio xeográfico no que se desenvolvían os circuitos matrimoniais e a incidencia específica que posuía cada un dos espazos de relacións, anteriormente mencionados<sup>29</sup>.

Dende 1600 ata 1850, ámbito cronolóxico abarcado, a amplitude dos intercambios persoais no espazo da aldea circunscribe ó 12,6% do total de unións celebradas, estendéndose ata o conxunto do espazo parroquial o 41,8%<sup>30</sup>. En termos globais, o cómputo de matrimonios festexados entre mozos da mesma

<sup>28</sup> Vid PERRENOUD, A., *La population de Genève XVI<sup>e</sup>-XIX<sup>e</sup> siècles*, 1979, p. 390.

<sup>29</sup> Vid apéndice estatístico, táboas 1.5 e 1.6.

<sup>30</sup> Véxase na táboa que a continuación se presenta a evolución das porcentaxes de matrimonios celebrados no ámbito da aldea con respecto ó número de unións entre persoas da mesma parroquia (A) e sobre o total de unións (B). Se descartamos as cifras obtidas para os dous primeiros períodos, tendo en conta a reducida mostra coa que contamos (unha soa freguesía), dende comezos do século XVIII ata mediados do XIX, apréciase unha tendencia positiva no volume das mesmas.

ENDOGAMIA DE ALDEA ( DATOS EN % )		
PERÍODOS	A	B
1600-1650	40	20
1651-1700	30,9	13,6
1701-1750	21,3	8,3
1751-1800	29,4	13,8
1801-1850	25,5	13,3
TOTAL	26,1	12,6

freguesía representaba pouco máis da metade do total e polo tanto as nupcias nas que se traspasaban os límites parroquiais constituían un 45,6%, porcentaxe concordante coa aportada por Rosa Ferreiro para a veciña Alta Limia (43,6%), e sen lugar a dúbidas nada despreziable si se compara cos datos coñecidos para outros espazos da Galicia Occidental, caso da Península do Salnés ou Terra de Montes, onde os seus respectivos autores cifran as proporcións da endogamia parroquial por riba do 70%<sup>31</sup>.

Os datos refírennos ademais un comportamento diferencial por sexos, xa constatado para outras áreas comarcais da Galicia do Antigo Réxime, de tal xeito que na provincia ourensá a cantidade de mulleres que celebran as súas nupcias na mesma parroquia onde naceron supera con claridade ó numero de homes que se atopan na mesma situación (87,9% fronte a 65%, respectivamente), sen que tal feito sirva como punto de referencia á hora de coñecer o lugar de residencia do futuro fogar conxugal<sup>32</sup>.

O descender a unha análise estruturada por periodos, obviando os dous primeiros cincuentenios polas razóns xa constatadas, non se verifican cambios significativos sobre a tendencia xeral anteriormente descrita, sen embargo aprécianse pequenas matizacións que merecen ser comentadas. En clara concordancia co aumento xa expresado de unións entre veciños da mesma aldea, incrementase a cifra de celebracións entre os mozos da mesma veciñanza parroquial, percibíndose igualmente unha tendencia hacia a consolidación da mobilidade feminina (13% de mulleres foráneas no período 1801-1850)<sup>33</sup>.

Un mellor coñecemento desta mobilidade feminina e a súa ubicación no contexto xeral dos desprazamentos realizados por mozos e mozas á hora de contraer matrimonio obtense a partir da análise da procedencia dos cónxuxes foráneos. Como se observa nas táboas 1.6 do apéndice estatístico, parece oportuno seguir afirmando a existencia dun comportamento diferencial entre homes e mulleres dende o momento en que se constata que os varóns chegados ás freguesías de estudio no momento do seu matrimonio proviñan case nun 50% das parroquias limítrofes, chegando a constituir o 63% se se engaden os procedentes do conxunto poboacional que conforman as comarcas investigadas. Pola contra, no caso das mulleres percíbese un maior distanciamento con respecto ós seus lugares de orixe reducíndose a presenza das parroquias colindantes ó 35% dos casos contabilizados ó longo do periodo de estudio, supoñendo un feito

---

<sup>31</sup> Vid. FERREIRO, R., *Opus cit.*, p. 45; PEREZ GARCIA, J. M., "Demografía cualitativa ...", *opus cit.*, p.147; FERNANDEZ CORTIZO, C., *Op. cit.*, p. 105.

<sup>32</sup> Novamente, os datos que aquí se aportan para as comarcas de estudio vense confirmados cos resultados obtidos por Rosa Ferreiro para a Alta Limia (91,9% no caso das mulleres e 64,5% nos homes), xurdindo ese modelo de comportamento unitario para, cando menos, o occidente da provincia ourensá, fronte á situación descrita polo profesor Pérez García nas terras do Salnés, onde só unha proporción mínima das mulleres, 2,5%, ven do ámbito exterior á parroquia. Vid. ó respecto FERREIRO PEREZ, R., *Op. cit.*, p. 45; PEREZ GARCIA, J. M., *Op. Cit.*, p. 147.

<sup>33</sup> O aumento da porcentaxe de mulleres foráneas á parroquia da cerimonia no século XIX tamén constitúe un feito xa constatado no caso da Alta Limia onde a súa participación con respecto ó total de unións pasa dun 6,3% no periodo 1750-1799 a un 13,4% na primeira metade do XIX. Vid. FERREIRO, R., *Op. cit.*, p. 45.

relevante que case a metade das noivas foráneas proveñan de ámbitos externos incluso as áreas de análise<sup>34</sup>.

Antes de plantexar as hipóteses explicativas que entedemos se atopan na base do comportamento nupcial ata aquí descrito, faise necesario un exercicio de contraste da información aportada polos libros parroquiais, cos que ata o de agora vimos traballando, co recurso a outro tipo de fontes. A riqueza da documentación notarial, concretamente escrituras de dote e en menor medida testamentos, recollida na terra de Cea para mediados do século XVIII permitíranos facer efectivo dito contraste unha vez expresadas certas matizacións relativas ó universo social abranguido por ámbalas dúas fontes<sup>35</sup>. Vexamos os resultados:

*PROCEDENCIA CÓNXUXES SEGUNDO ESCRITURAS DE PROTOCOLOS, 1750-1760*

<i>PROCEDENCIA</i>	<i>Nº MATRIMONIOS</i>	<i>%</i>
Mesma parroquia	113	45,2
Parroquias limítrofes	62	24,8
Resto comarca de estudio	29	11,6
Provincia de Ourense	30	12
Resto de Galicia	14	5,6
Península Iberica	2	0,8
TOTAL	250	100

As porcentaxes inferiores que representan os matrimonios celebrados no interior da parroquia con respecto ós datos resultantes da análise da documentación parroquial parecen confirmar as opinións expresadas polo profesor Pegerto Saavedra con relación á importancia que debe ser atribuída ós conceptos de endogamia/exogamia xeográfica en tanto que, só traducirían as esixencias que impuña a práctica dunha endogamia social<sup>36</sup>. Dese xeito, a necesidade que posuían os grupos máis acomodados da sociedade rural para atopar un cónxuxe axeitado ó seu nivel de riqueza levaríaa a desprazarse en círculos máis amplos que os da maioría, sobrepasando incluso os lindeiros das parroquias colindantes e do conxunto da área de estudio, tal como se reflicte na táboa precedente<sup>37</sup>.

Non obstante, analizadas as cifras obtidas tanto para os libros parroquiais como na documentación notarial, non pode obviarse a importancia que adquiriu a parroquia como espacio preferente para o mercado matrimonial. Aínda que é ben certo que noutras investigacións levadas a cabo sobre a Galicia do Antigo

<sup>34</sup> A tendencia das mulleres a realizar desprazamentos máis longos que os efectuados polos homes chegados do exterior da parroquia xa foi comprobado no seu día pola profesora Ofelia Rey para a comarca da Ulla. Vid. REY CASTELAO, O., *Op. cit.*, p. 48.

<sup>35</sup> O profesor Pegerto Saavedra sinalou con anterioridade o feito de que, se ben o conxunto da sociedade rural vese reflectido na panorámica que nos ofrece a documentación parroquial, no caso dos protocolos notariais atopámonos ante unha información sesgada da que se afastan os grupos máis desfavorecidos e que podería repercutir nos resultados obtidos. Vid. SAAVEDRA, P., *Das casas de morada ó monte comunal*, 1996, p. 49.

<sup>36</sup> *Ibidem*, p. 49.

<sup>37</sup> Quizás resulte convinte expresar o feito de que a elevada porcentaxe de unións matrimoniais realizadas con persoas de fora da provincia, reside en parte na localización xeográfica da área de estudio, colindante coas provincias de Lugo e Pontevedra.

Réxime a preeminencia parroquial incluso se fai máis evidente, se tomamos en consideración outro tipo de factores que entendemos tamén deberan influir na selección do cónxuxe, sen deslaxitar a “importancia social” do matrimonio, os datos anteriormente expostos adquirirán nova luz<sup>38</sup>.

A importante masa poboacional que vivía no espacio xeográfico analizado, tal e como se desprende do cálculo de densidades realizado, debeu brindar a existencia dun nutrido mercado matrimonial xa dende os inicios do século XVIII, sen embargo, o reducido tamaño das unidades parroquiais estudias nas tres comarcas, en dous casos non chegan a alcanzarse os 3 Km<sup>2</sup>, é indudable que debía impoñer uns límites reais e infranqueables á práctica do ideal da homogamia social dentro do ámbito da endogamia xeográfica parroquial.

Se na veciña comarca da Alta Limia, sobre parroquias de 11 Km<sup>2</sup> de extensión media, se aportan cifras de endogamia parroquial semellantes ás nosas, entónces o feito de que máis dun 12% dos matrimonios se realicen entre veciños dunha mesma aldea, cando nunha freguesía de 4 Km<sup>2</sup> a poboación se concentraba en 9 núcleos de pobamento diferentes, na nosa opinión debía responder a estratexias ben pensadas, ¿quizais como mecanismo tendente a aminorar as consecuencias derivadas dunha fragmentación das explotacións campesiñas, xa evidente a mediados do século XVIII a partires da análise dos Libros Reais do Catastro?

---

<sup>38</sup> Véxase Apéndice estatístico, Táboa 1.4.

## APÉNDICE ESTADÍSTICO.

*TABOA I.1*

*TAXAS DE NUPCIALIDADE NA PROVINCIA OURENSÁ EN 1753*

PARROQUIAS	<i>HAB. 1753</i>	<i>MATR. 1748/1758</i>	<i>TAXA ‰</i>
BEADE	842	68	7,3
BERAN	440	59	12,1
BERREDO, San Miguel	194	17	8,0
BOBADELA	224	14	5,7
BOVEDA	449	36	7,2
CEA	659	71	9,7
CELANOVA	966	73	6,9
GOMARIZ	247	24	8,8
LEBOSENDE	1.168	93	7,2
MOSTEIRO	281	14	4,5
MOURILLOS	331	32	8,8
OSEIRA	1.231	103	7,6
PARADA	366	43	10,6
PENA	318	36	10,2
PODENTES	395	27	6,2
RUBIAS	648	36	5,1
SAN CLODIO	445	34	6,9
SERANTES	360	36	9,0
SOUTOMEL	359	23	5,8
VEIGA, San Munio	614	32	4,7
VIEITE	344	25	6,6
VILAMARIN	702	78	10,1
VILANOVA	658	35	4,8
MEDIA CEA	3.407	331	8,8
MEDIA CELANOVA	4.670	303	5,9
MEDIA RIBEIRO	4.164	375	8,1
MEDIA PROVINCIAL	10.959	882	7,3

*TABOA I.2*

*TAXAS DE NUPCIALIDADE NA PROVINCIA OURENSÁ EN 1787*

PARROQUIAS	<i>HAB. 1787</i>	<i>MATR. 1782/1792</i>	<i>TAXA ‰</i>
BEADE	973	102	9,5
BERAN	593	35	5,4
BOVEDA	442	53	10,9
CEA	924	79	7,7
CELANOVA	1.037	88	7,7
CORNOCES	408	31	6,9
GOMARIZ	303	32	9,6
LEBOSENDE	1.345	88	5,9
MOSTEIRO	247	15	5,5
MOURILLOS	387	19	4,5
OSEIRA	1.811	139	6,9
PENA	467	34	6,6

PARROQUIAS	HAB. 1787	MATR. 1782/1792	TAXA %
ROUZOS	468	32	6,2
RUBIAS	528	31	5,3
SAN CLODIO	443	42	8,6
SERANTES	419	33	7,2
SOBREIRA	415	33	7,2
SOUTOMEL	423	39	8,4
TRASALVA	660	45	6,2
VIEITE	406	29	6,5
VILAMARIN	968	87	8,1
VILANOVA	695	41	5,4
MEDIA CEA	6.096	499	7,4
MEDIA CELANOVA	3.317	233	6,4
MEDIA RIBEIRO	4.949	395	7,2
MEDIA	14.362	1.127	7,1

TABOA 1.3  
TAXAS DE NUPCIALIDADE NA PROVINCIA OURENSÁ EN 1826

PARROQUIAS	HAB. 1826	MATR. 1821/1831	TAXA%o
AMOEIRO	459	38	7,5
BEADE	1.017	106	9,5
BERAN	729	60	7,5
BERREDO, San Miguel	216	24	10,1
CELANOVA	1.500	108	6,5
CORNOCES	428	35	7,4
FONTEFRIA	347	33	8,6
GOMARIZ	483	33	6,2
LEBOSENDE	1.575	113	6,5
MOSTEIRO	158	11	6,3
MOURILLOS	300	31	9,4
PARADA	681	51	6,8
PENA	680	69	9,2
PODENTES	440	41	8,5
ROUZOS	585	49	7,6
RUBIAS	630	42	6,1
SAN CLODIO	580	34	5,3
SERANTES	555	36	5,9
SOBREIRA	410	37	8,2
SORGA	413	38	8,4
SOUTOMEL	536	29	4,9
TRASALBA	795	31	3,5
VEIGA, San Munio	809	43	4,8
VIEITE	429	37	7,8
VILAMARIN	612	74	10,9
VILANOVA	890	64	6,5
MEDIA CEA	4.317	348	7,3
MEDIA CELANOVA	5.892	431	6,7
MEDIA RIBEIRO	6.048	488	7,3
MEDIA	16.257	1.267	7,1

**TABOA I.4**  
**TAMAÑO MEDIO PARROQUIAL E DENSIDADES DE POBOACIÓN**  
**DAS COMARCAS ESTUDIO**

	COM. CEA	COM. CELANOVA	COM. RIBEIRO	TOTAL
TAMAÑO MEDIO PARROQ. (Km2)	5,5	3,8	3,4	4,2
Nº PARROQUIAS POR RIBA MEDIA	5	9	6	20
MEDIA ALDEAS PARROQUIA	11,5	9,3	5,5	8,8
DENSIDADE POB. 1753	61,3	111,8	115,7	96,2
DENSIDADE POB. 1787	78,8	112,9	135,1	101,5
DENSIDADE POB. 1826	75,3	132,6	165,2	110,4

**TABOAS I.5**  
**PROCEDENCIA DOS CÓNIXUXES NA PROVINCIA OURENSÁ (%)**

PERIODO(1600/1650)		MULLERES		
HOMES	MESMA PARROQUIA	FORANEAS	TOTAL	
MESMA PARROQUIA	50	10	60	
FORANEOS	40	0	40	
TOTAL	90	10	100	

PERIODO(1651-1700)		MULLERES		
HOMES	MESMA PARROQUIA	FORANEAS	TOTAL	
MESMA PARROQUIA	44,2	7,3	51,5	
FORANEOS	48,4	0	48,4	
TOTAL	92,6	7,3	100	

PERIODO(1701-1750)		MULLERES		
HOMES	MESMA PARROQUIA	FORANEAS	TOTAL	
MESMA PARROQUIA	48,1	10,4	58,5	
FORANEOS	40,4	0,9	41,3	
TOTAL	88,5	11,3	100	


PERIODO(1751-1800)		MULLERES		
HOMES	MESMA PARROQUIA	FORANEAS	TOTAL	
MESMA PARROQUIA	59,3	9,9	69,2	
FORANEOS	29,4	0,7	30,2	
TOTAL	88,7	10,6	100	

PERIODO(1801-1850)		MULLERES		
HOMES	MESMA PARROQUIA	FORANEAS	TOTAL	
MESMA PARROQUIA	53,1	11,6	64,7	
FORANEOS	33,4	1,4	34,8	
TOTAL	86,5	13	100	


PERIODO(1600-1850)		MULLERES		
HOMES	MESMA PARROQUIA	FORANEAS	TOTAL	
MESMA PARROQUIA	54,4	10,6	65	
FORANEOS	33,5	1,4	35	
TOTAL	87,9	12	100	

TABOAS I.6  
 PROCEDENCIA XEOGRÁFICA CÓN XUXES FORÁNEOS

PERIODO(1600-1650)	HOMES	MULLERES
PARROQUIAS LÍMITROFES	50	
RESTO COMARCA ESTUDIO	25	50
PROVINCIA OURENSE <sup>x</sup>	25	50
RESTO GALICIA		
PENINSULA IBERICA		
TOTAL	100	100
PERIODO(1650-1700)	HOMES	MULLERES
PARROQUIAS LÍMITROFES	45,6	
RESTO COMARCA ESTUDIO	8,6	28,5
PROVINCIA OURENSE	36,9	71,4
RESTO GALICIA	8,7	
PENINSULA IBERICA		
TOTAL	100	100
PERIODO(1701-1750)	HOMES	MULLERES
PARROQUIAS LÍMITROFES	50,2	32,7
RESTO COMARCA ESTUDIO	13,1	14,5
PROVINCIA OURENSE	27,8	40
RESTO GALICIA	8	10,9
PENINSULA IBERICA	0,8	1,8
TOTAL	100	100
PERIODO(1751-1800)	HOMES	MULLERES
PARROQUIAS LÍMITROFES	42,2	39,7
RESTO COMARCA ESTUDIO	17,5	16,7
PROVINCIA OURENSE	26	35,7
RESTO GALICIA	13	7,1
PENINSULA IBERICA	1,1	0,8
TOTAL	100	100
PERIODO(1801-1850)	HOMES	MULLERES
PARROQUIAS LÍMITROFES	50	34,4
RESTO COMARCA ESTUDIO	16,2	16,9
PROVINCIA OURENSE	21,4	39,6
RESTO GALICIA	9,7	7,8
PENINSULA IBERICA	2,7	1,3
TOTAL	100	100
PERIODO(1600-1850)	HOMES	MULLERES
PARROQUIAS LÍMITROFES	47,6	35,3
RESTO COMARCA ESTUDIO	15,8	16,9
PROVINCIA OURENSE	25	38,8
RESTO GALICIA	9,9	7,6
PENINSULA IBERICA	1,6	1,4
TOTAL	100	100



MAPA I. Localización xeográfica das áreas de estudio. Elaboración propia.



MAPA II. Procedencia xeográfica dos cónxuxes. Elaboración propia.

## BIBLIOGRAFIA CONSULTADA.

- ALMEIDA DA, M. F., *Cánones e Decretos do Concilio Tridentino*, V. II, Lisboa, 1990.
- AMORIM, M<sup>a</sup>. N. , *Guimaraes 1580-1819. Estudio demográfico*, Lisboa, 1987.
- BUGALLO VIDAL, E., "La antigua Jurisdicción del Caldevergazo: un estudio socioeconómico" Tese de Licenciatura inédita, Universidade de Santiago, 1979.
- DUBERT, I., "Estudio histórico del parentesco a través de las dispensas de matrimonio y de los archivos parroquiales en la Galicia del Antiguo Régimen: primera aproximación" en J. C. BERMEJO BARRERA (Edit.), *Parentesco, familia y matrimonio en la Historia de Galicia*, Santiago de Compostela, 1988, pp. 167-191.
- EIRAS ROEL, A., *La población de Galicia, 1700-1860*, Santiago, 1996.
- FERNANDEZ CORTIZO, C., " La jurisdicción de Montes en el Antiguo Régimen. Estudio Demográfico", Tese de Licenciatura inédita, Universidade de Santiago, 1979.
- FERREIRO PEREZ, R., " La Alta Limia en los siglos XVII-XVIII. Muestreo parroquial", Tese de Licenciatura inédita , Universidade de Santiago, 1981.
- GOUBERT, P., *Beauvais et le Beauvaisis de 1600 a 1730. Contribution a l'histoire sociale de la France du XVII siecle*, Paris, 1982
- HENRY, L., *Manual de demografía histórica*, Barcelona, 1983.
- LANZA GARCIA, R., *Población y familia campesina en el Antiguo Régimen. Liébana, siglos XVI-XIX*, Santander, 1988.
- LANZA GARCIA, R., *La población y el crecimiento económico de Cantabria en el Antiguo Régimen*, Madrid, 1991.
- LEBRUN, F., *A vida conjugal no Antiguo Régimen*, Lisboa.
- LOPEZ ALVAREZ, M<sup>a</sup>. J., RODRIGUEZ FERNANDEZ, D., e RODRIGUEZ RODRIGUEZ, J. M., "Aproximación á dinámica evolutiva da poboación ourensá durante o Antiguo Réxime: O ribeiro, A Terra de Cea e a Terra de Celanova (finais XVI- mediados XIX), en *Historia Nova IV*, 1997, pp. 91-109.
- PEDROUZO VIZCAINO, O., "El arciprestazgo de Narla en el Antiguo Régimen : un estudio de Historia rural" Tese de Licenciatura inédita, Universidade de Santiago, 1981.
- PEREZ GARCIA, J. M., *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Regimen en la Galicia costera : la Península del Salnés*, Santiago, 1979.

- PEREZ GARCIA, J. M., "Mecanismos autorreguladores das demografías antigas: o exemplo galego" en J. DE JUANA e X. CASTRO (Eds.), *III Xornadas de Galicia*, Ourense, 1986, pp. 53-83.

- PEREZ GARCIA, J. M., "Demografía cualitativa y coyuntural en las Rías Bajas gallegas: el ejemplo del Salnés (1750-1838)" en D. S. REHER (Coord.) *Reconstituçao de familias e outros métodos microanalíticos para o futuro*, Porto, 1995, pp. 145-165.

- PERRENOUD, A., *La population de Genève. XVI<sup>e</sup>-XIX<sup>e</sup> siècles*, Paris, 1979.

- REY CASTELAO, O., *Aproximación a la historia rural en la comarca de la Ulla (siglos XVII-XVIII)*, Santiago, 1981.

- RODRIGEZ FERNANDEZ, D., "Poblacion y familia campesina en la Galicia Interior. La comarca de Celanova (s. XVIII), Tese de Licenciatura, Univ. Vigo, 1996, no prelo.

- RODRIGUEZ RODRIGUEZ, J. M., "Aproximación á demografía cuantitativa dunha parroquia do N.O. ourensán: San Cibrao de Señorín: 1679-1825" en *Historia Nova III*, Santiago, 1994, pp. 100-124.

- ROWLAND, R., "Sistemas matrimoniales en la Península Ibérica (siglos XVI-XIX). Una perspectiva regional", en V. PEREZ MOREDA e D. S. REHER (Eds.), *Demografía histórica en España*, Madrid, 1988, pp. 72-137.

- RUBIO PEREZ, L. M., *La Bañeza y su tierra, 1650-1850. Un modelo de sociedad rural leonesa*, León, 1987.

- SAAVEDRA, P., *Economía rural antigua en la montaña lucense. El concejo de Burón*, Santiago, 1979.

- SAAVEDRA, P., *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Santiago, 1985.

- SAAVEDRA, P., "Casa y comunidad en la Galicia Interior" en C. BERMEJO (Ed.), *Parentesco, familia y matrimonio en la Historia de Galicia*, Santiago, 1989, pp. 95-143.

- SAAVEDRA, P., "La economía vitícola en la Galicia del Antiguo Régimen" en *Agricultura y Sociedad*, nº 62, 1992, pp. 111-166.

- SAAVEDRA, P., *Das casas de morada ó monte comunal*, Santiago, 1996.

- SOBRADO CORREA, H., "La Tierra de Castroverde en el Antiguo Régimen: un estudio de historia rural", Tese de Licenciatura inédita, Universidade de Santiago, 1992.